



# Retribucións 2019

[www.cig-ensino.gal](http://www.cig-ensino.gal)

## Táboas actualizadas a xaneiro de 2019 (DOG 19/01/2019)

### RETRIBUCIÓN BÁSICAS

Concepto	Grupo A2		Grupo A1	
	Mestres nivel 21	PTFP nivel 24	PES nivel 24	Cátedras nivel 26
Salario	€ 1.017,79	€ 1.017,79	€ 1.177,08	€ 1.177,08
Complemento de destino	€ 502,40	€ 618,67	€ 618,67	€ 741,04
Complemento específico	€ 607,69	€ 607,69	€ 607,69	€ 660,74
Titoría e outras funcións docentes	€ 46,30	€ 46,30	€ 46,30	€ 46,30
<b>Total</b>	<b>€ 2.174,18</b>	<b>€ 2.290,45</b>	<b>€ 2.449,74</b>	<b>€ 2.625,16</b>
Trienios	€ 36,93	€ 36,93	€ 45,29	€ 45,29

IPC Galego: Representa o 0,3784%, das retribucións brutas de cada persoa perceptora

### Cargos

Tipoloxía de centro	A	B	C	D
<b>Centros de Educación Infantil, Primaria e Educación Especial</b>				
Dirección	€ 552,22	€ 499,88	€ 361,77	€ 267,49
X. de Estudos e Secretaría	€ 192,15	€ 180,55	€ 174,77	€ 128,41
X. Dep. de Orientación, Coordinación ENDL, CRA, responsable de centros menos de 3 unidades				€ 70,43

### Centros de Educación Secundaria, FP e Réxime Especial

Dirección	€ 673,82	€ 580,38	€ 525,39	€ 475,63
-----------	----------	----------	----------	----------

O complemento de dirección é o único parcialmente consolidábel en función do tempo de permanencia no cargo:

4 anos: 25%. 8 anos: 15%. 12 anos: 20%. Consolidación máxima: 60%

Vicedirección, X. Estudos e Secretaría	€ 296,42	€ 290,68	€ 209,52	€ 180,55
X. de Departamento, Coordinacións, EPAPU e ENDL				€ 70,43
Complemento para Mestres/as no 1º Ciclo da ESO				€ 116,30

### Outros postos de traballo

Membro dun Equipo de Orientación Específico				€ 296,42
CAFI-CEFORES. Dirección				€ 580,38
CAFI-CEFORES. Asesoría				€ 296,42

### Sexenios

1º Sexenio	2º Sexenio	3º Sexenio	4º Sexenio	5º Sexenio
€ 62,84	€ 80,80	€ 107,76	€ 152,63	€ 44,88

### Pagas Extraordinarias

A paga extra componse do **salario base recortado** (Grupo A2: 742,29€ e grupo A1: 726,35€), os **trienios recortados** (Grupo A2: 26,93€ e grupo A1: 27,95€) e o resto dos **conceptos retributivos completos** (destino, específico, titoría, cargos).

### Descontos

Concepto	Grupo A1	Grupo A2	
Pasivos*	€ 111,90	€ 88,07	Funcionariado de carreira
Muface*	€ 48,99	€ 38,56	Funcionariado de carreira
Cota obreira	Segundo base de cotización (persoal interino e funcionariado de carreira desde 2011)		
Retencións IRPF	Segundo retribucións anuais e situación persoal		

\*Nas nóminas de xuño e decembro, nas que se inclúen as extras, a cota de Pasivos e MUFACE é dupla

# Como xogan cos nosos salarios?

Os salarios do profesorado galego están actualmente atados por dous acordos diferentes. Un é de carácter estatal e común a todo o persoal do sector público e abrangue desde o 2018 a 2020. O segundo é o acordo salarial docente asinado o ano pasado para, supostamente, homologarnos co profesorado do resto do Estado e remata a súa vixencia en xaneiro de 2021.

## Os cómodos prazos para quedar como estamos


O acordo docente galego compromete as nosas retribucións **até os orzamentos de 2021**, cunha suba absolutamente inasumíbel que o sitúa como **o peor dos asinados en Galiza** e que suporá unha serie de aumentos salariais que comezaron coa **propina preelectoral de outubro (15€)**, seguiron coa suba de **xaneiro de 2019 (20€)** e continuará coas subas de **xaneiro de 2020 (25€)** e de **2021 (30€)**. En total serán **90€ máis brutos** que tardaremos **dous anos e medio en percibir** e que supuxeron unha entrega vergoñenta por parte dos dous sindicatos asinantes.

Mais para afirmar que xogan connosco hai que valorar as subas non só cuantitativamente (onde fica claro que subir 90€ en catro orzamentos, de 2018 a 2021, é un insulto ao profesorado galego) senón tamén cualitativamente. E para iso hai que responder a esta pregunta: **existe con ese acordo unha verdadeira homologación?** Nada mellor que ver os datos de como quedarán en xaneiro de 2021 as nosas diferenzas coas CC.AA. que no momento da negociación tiñan mellores retribucións ca nós, sempre e cando nesas CC.AA. non teñan ningún tipo de suba retributiva específica como persoal docente. Conclusión: **no mellor dos casos seguiremos como estamos a efectos da suposta homologación.**

## Os recortes nas extras de Feijóo, esquecidos.

Non perdamos de vista que a negociación do acordo salarial galego implicou a **negativa a incorporar na negociación a recuperación do diñeiro que o goberno Feijóo retirou das nosas nóminas entre o ano 2013 e 2016**, imposición mansamente aceptada polos demais sindicatos. A día de hoxe Galiza é a única comunidade autónoma na que os cartos das pagas extras deses anos segue recortado. A maioría das demais CC.AA. **xa non o descontaron a partir de 2013** e, nalgún caso, como recentemente en **Cataluña**, houbo unha **negociación para a devolución gradual das pagas extras recortadas**. A CIG-Ensino valorou que eses recortes suporían unha media lineal de **6.300€** que habería que restituír a todo o profesorado galego.

Diferenzas retributivas unha vez completada a suba de 90€ en xaneiro de 2021. Cálculo medio con docentes sen antigüidade dos corpos de PES e Mestres. Téñense en conta as actuais retribucións das demais CC.AA. sen contar con posibles incrementos no resto das CC.AA. até esa data.



**Galiza é a única comunidade autónoma na que os cartos das pagas extras de 2013 a 2016 se manteñan recortados.**

**A perda supón unha media de 6.300€ para cada docente.**

## A entrega do IPC e a renuncia ao arrebatado.

Os principais movementos nas nosas nóminas viñeron no 2018 e virán en 2019 e en 2020 da suba pactada a nivel estatal co anterior goberno de Rajoy. No 2018 tivemos unha suba dun 1,5% en xullo (con carácter retroactivo desde xaneiro) ao que se engadiu un 0,25% a partir de setembro. Foi por tanto unha suba anual do **1,62%**, mais que se consolida para as subas de anos seguintes no **1,75%**.

Neste ano 2019 a suba do **2,25%** aplicouse no mes de xaneiro. No caso de que o Produto Interior Bruto español do 2018 (PIB) superase o 2,5% habería un incremento do **0,25%** (até chegar ao 2,50% desde ese mes).

Este incremento é froito **dunha das maiores renuncias que en materia retributiva** ten contemplado o persoal do sector público. Nace da entrega sindical (CCOO, UGT, CSIF) aos intereses do goberno do PP en Madrid de **renunciar ao IPC como factor de referencia** para a suba salarial, pasando as nosas posibles subas a referenciarse ao PIB por primeira vez na historia.

A asunción dese dogma ultraliberal (esquecerse da evolución dos prezos e fialo todo á produtividade industrial e comercial) levou a que os sindicatos asinantes **tiraran pola borda as demandas sindicais desde 2010** (tamén as dos propios asinantes) **para recuperar o poder adquisitivo perdido.**

### Por que é fundamental o IPC?

Os prezos, a carestía da vida.. é o elemento que serve para valorar as nosas retribucións. Esta é unha cuestión que teñen claro as pensionistas e xubilados que conseguiron no 2018 e 2019 que se revalorizaran as pensións co IPC real e non coa exigua suba prevista.

O IPC, o que nos custa levar o noso día a día na compra, a hipoteca ou o lecer, é o elemento fundamental para valorar a mellora ou o empeoramento dos nosos salarios. De nada valería unha suba salarial, por boa que fose, se os prezos se disparan e a suba non só non nos permite mellorar senón que mesmo agrava a nosa situación económica de partida.

A suba salarial que teremos como froito do acordo de Madrid non foi unha suba salarial calquera; non foi como a doutros anos. Partiu do recoñecemento do goberno de Rajoy de que o persoal do sector público sufrira o envite da crise e perdera poder adquisitivo e que xa chegara o momento de recuperar os dereitos (isto en boca de quen despois asinou o acordo).

Mais era todo hipocrisía. Desde o ano 2010 os nosos petos víron como se producían descontos retributivos ou conxelacións salariais mentres os prezos continuaban subindo. No 2018 era o momento de que quen nos recortou asumira a recuperación. Mais o que fixeron foi **aparcarse a débeda e vender como un logro unha suba que non recupera o arrebatado, ao tempo que se esquece do que poida pasar cos prezos no futuro.**

Por iso, no acordo salarial tería sido fundamental diferenciar dúas partidas: a da **recuperación do poder adquisitivo perdido** e a da **suba salarial de futuro vinculada á carestía da vida**. Nestes parámetros moveuse a proposta da CIG rexeitada polo goberno español e polos sindicatos asinantes.

### Como estamos ao respecto do inicio da crise?

Non hai nada mellor que comparar a situación que vimos arrastrando desde o ano 2010 e na que estamos agora mesmo. Vivimos un 2018 cunha auténtica montaña rusa na evolución dos prezos, cun IPC interanual que estivo varios meses entre o 2 e o 2,3% para baixar ao **1,7%** en novembro (**valor de referencia para a suba das pensións**) e pechando o ano no **1,2%**, que é o valor que presentamos no cadro adxunto para amosar que non recuperamos o poder adquisitivo que tiñamos á entrada da crise.

**En resumo:** despois do primeiro ano de aplicación dun acordo xustificando na recuperación do que nos arrebataron, **mantemos unha perda do 12,75% de poder adquisitivo.** A suba no 2018 supuxo unha recuperación do 0,55%, e iso pola boa evolución dos prezos no último mes de 2018.

ANO	IPC ESTADO %	VARIACIÓN SALARIAL %	DIFERENZA
2010	3	-5	-8
2011	2,4	0	-2,4
2012	2,9	0	-2,9
2013	0,3	0	-0,3
2014	-1	0	1
2015	0	0	0
2016	1,6	1	-0,6
2017	1,1	1	-0,1
2018	1,2	1,75	0,55
TOTAL	12	-1,25	-12,75

Fonte dos datos do IPC: INE

Recorte recto

A incerteza do que poida pasar co PIB e a desvinculación do noso salario do IPC só permite concluír que no ano 2020 gañaremos máis que no 2017, mais que esa diferenza non suporá o cumprimento das demandas do profesorado (recuperar o roubado) nin garantirá o noso poder adquisitivo.

Na última Mesa Xeral de Madrid, en xaneiro de 2019, a CIG volveu defender un **incremento retributivo do 4,30% anual adicional ao pactado** para acometer esa recuperación. Ao tempo, demandamos sen éxito unha **cláusula de garantía salarial por desviación do IPC para o período 2019-2021**.

### Os recortes nas pagas extras, un ano máis.

2019 será novamente un ano coas pagas extras recortadas en dous conceptos que dependen do Estado, o salario base e os trienios. Así o leva sendo desde a aplicación do RDL 8/2010. A estas contías hai que engadirle a diferenza nos trienios para todo aquel profesorado con antigüidade. Os trienios tamén foron recortados no ano 2012, manténdose ese recorte durante todos estes anos.

Así, cos recortes nas pagas extras, **unha mestra con 8 trienios manterá un recorte anual de 711€** mentres que para **un docente de secundaria con esa mesma antigüidade o recorte chega aos 1.178,90€ anuais**.

A eliminación deste importante recorte non estivo presente no vixente acordo salarial de Madrid de 2018 nin figura na proposta de Orzamentos do Estado para 2019. A CIG trasladou tamén esta demanda na Mesa Xeral de Madrid de xaneiro deste ano, onde o Goberno e os demais sindicatos (atados polo acordo até 2021) miraron cara outro lado.

### Sen novas do “pagamento do verán” ao persoal substituto

Desde o curso 2011/2012, no que o goberno da Xunta decidiu aplicar os recortes máis ferozes ao sector público galego, o persoal substituto da Consellaría de Educación perdeu o dereito a que lle fixeran contrato polos meses de verán sempre e cando traballara un mínimo de 5 meses e medio durante o curso académico. Malia todas as proclamas propagandísticas da Xunta de que a crise económica quedou atrás, este dereito segue sen recoñecerse nos Orzamentos Xerais para este ano castigando así o colectivo máis vulnerábel e precario do ensino público galego. É máis, o dereito ao “cobro do verán” está recollido expresamente no acordo que subscribiu a Xunta coas organizacións sindicais que habitualmente lle fan o xogo para xestionar as interinidades e substitucións. Un acordo ao que acaba de engadírselle un addenda en xullo de 2017 pero que segue sen facer efectivo ese pagamento, como a CIG-Ensino denuncia reiteradamente nos órganos de negociación.

SUBGRUPO	Trienios ordinarios	Trienios nas pagas extras	Recorte por cada trienio
<b>A1</b>	<b>45,29</b>	<b>27,95</b>	<b>17,34</b>
<b>A2</b>	<b>36,93</b>	<b>26,93</b>	<b>10,00</b>

SUBGRUPO	Soldo mensual ordinario	Soldo na paga extra 2019	Diferenza en cada extra	Recorte anual
<b>A1</b>	<b>1.177,08</b>	<b>726,35</b>	<b>450,73</b>	<b>901,46</b>
<b>A2</b>	<b>1.017,79</b>	<b>742,29</b>	<b>275,50</b>	<b>551,00</b>

## OS NOSOS LOCAIS

**SANTIAGO** (Local Nacional)  
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10  
15706 Santiago de Compostela  
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839  
santiago@cig-ensino.gal

**MORRAZO**  
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1  
36947 Cangas  
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987  
morrazo@cig-ensino.gal

**OURENSE**  
Parque de San Lázaro 12, 4º  
32003 Ourense  
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855  
ourense@cig-ensino.gal

**VAL DE MONTERREI**  
Rúa Pedro González 5, 1º  
32600 Verín  
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013  
verin@cig-ensino.gal

**A CORUÑA**  
Rúa Alfonso Molina s/n  
15007 A Coruña  
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735  
acorunha@cig-ensino.gal

**FERROL**  
Rúa Eduardo Pondal 41-43  
15403 Ferrol  
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760  
ferrol@cig-ensino.gal

**PONTEVEDRA**  
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda  
36002 Pontevedra  
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050  
pontevedra@cig-ensino.gal

**VIGO**  
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo  
36205 Vigo  
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844  
vigo@cig-ensino.gal

**BAIXO MIÑO**  
Praza da Guía 3, Baixo  
36780 A Guarda  
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465  
baixomiño@cig-ensino.gal

**LUGO**  
Ronda da Muralla 58, Baixo  
27003 Lugo  
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891  
lugo@cig-ensino.gal

**A MARIÑA**  
Avenida de Galicia 20, 1º  
27700 Ribadeo  
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593  
amarinha@cig-ensino.gal

**SALNÉS**  
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º  
36600 Vilagarcía  
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323  
salnes@cig-ensino.gal